

CEIP EDUARDO ÁVILA BUSTILLO

2023/2024


Rúa Entrecaldeiras s/n
A Veiga - Ourense
C.P.: 32360



Modos de contacto:

- Teléfono do centro: 988 35 00 77.
- Axendas do alumnado e/ou sobres viaxeiros segundo a etapa.
- AbalarMóbil.
- Correo do centro: ceip.eduardo.avila@edu.xunta.gal (recordade que é para asuntos administrativos).
- Páxina web do centro:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipeduardoavila/>

MODOS DE CONTACTO



ENTRADAS E SAÍDAS

Alumnado transportado:

- Entrada: Porta de acceso traseira a partir das 10:00 h.
- Saída: mesmo punto ás 15:10 h (setembro e xuño) e 16:00 h (dende outubro a maio).

Alumnado non transportado:

- Entrada: porta de acceso peatonal a partir das 10:00 h.
- Saída: mesmo punto ás 15:10 h (setembro e xuño) e 16:00 h (dende outubro a maio). Os días de choiva, se o alumnado acude ao centro en coche, as persoas responsables poderán acceder ao recinto co mesmo.



ENTRADAS E SAÍDAS

ASISTENCIA DO ALUMNADO

- As faltas de asistencia deben ser comunicadas ao centro e xustificadas o antes posible a través dos seguintes medios: AbalarMóvil, chamada telefónica e/ou mediante a axenda escolar (no caso de E.P.) ou nota na carpeta viaxeira (no caso de E.I.).

- Prégase a maior puntualidade posible para promover este bo hábito e para non interromper o ritmo das clases.

TITORÍAS

O horario de atención as familias está establecido os luns de 17:15 h a 18:15 h. Débese solicitar cita previa mediante as canles antes mencionadas (axenda, AbalarMóvil e/ou teléfono do centro).

HORARIO DE DIRECCIÓN

Luns e martes: 12:10 - 13:00 horas.



Xoves: 10:50 - 11:40 horas.

Venres: 12:10 - 13:50 horas.



ASISTENCIA DO ALUMNADO E HORARIOS DE
ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

O alumnado debe traer os primeiros días a clase as seguintes autorizacións e outros documentos asinados:

- Autorización para a realización de fotos e vídeos con fins educativos.
- Autorización do emprego da súa imaxe persoal (emprego de fotografías e vídeos con fins educativos) segundo a Lei 3/2018.
- Autorización para as saídas dentro da localidade. 
- Autorizacións para a recollida do alumnado.
- Compromiso de atención médica (explicación na páxina chamada AVISOS IMPORTANTES).
- Documento sobre os dereitos, deberes e compromisos das persoas responsables do alumnado (Real Decreto 732/I995).
- Datos xerais e de contacto familiar.
- Modelo I45 para usuarios do servizo complementario de comedor escolar. 



DOCUMENTACIÓN

DOCUMENTACIÓN NESTA ETAPA:

Segundo corresponda, faise entrega da seguinte documentación:

- Fondo libros (3º e 4º de E.P.): o centro fai o préstamo dos libros de texto ao alumnado destes niveis.
- Cheque de libros de texto e material escolar.
- Entrega (cando corresponda) do ordenador do proxecto E-dixgal así coma os compromisos do mesmo.

Outras recomendacións:

- Etiquetar debidamente o material de cada alumno/a.
- Construír, xunto con eles/as, o hábito de revisar a axenda diariamente, así como, asinar as notas que se lle poidan enviar na mesma.
- Supervisar que, tras preparar eles/as as súas mochilas, traian todos os días o material que precisan.
- Enviar aos nenos/as con roupa e calzado cómodos, e con roupa deportiva os días que teñan Educación Física.
- Os recipientes nos que traian a merenda, así coma a botella de auga, deben ser de apertura fácil.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Faise entrega ao alumnado de nova incorporación unha enquisa para coñecer a linguaxe materna dos nenos/as. Esta debe ser cuberta e devolta ao centro.

Outras recomendacións:

- Enviar aos nenos e nenas con roupa e calzado cómodos para facilitar a súa autonomía no tocante a vestido/desvestido, así como para facilitarlles o emprego autónomo do baño cando o precisen.
- O alumnado contará cun par de zapatillas de casa para estar dentro do centro e tamén se facilitará unha muda completa.
- Enviar aos nenos/as con roupa deportiva os días que teñan Psicomotricidade.
- As prendas deben estar debidamente etiquetadas e, aquelas prendas de abrigo que non teñan capucha, engadirilles unha lazada para que poidan colgalas eles soíños/as.
- Enviar a froita cortada en anacos para que os nenos/as teñan que mastigar para potenciar a forza dos órganos encargados da fala, polo que esta tamén mellorará.
- Os recipientes nos que traian a merenda, así coma a botella de auga, deben ser de apertura fácil.

EDUCACIÓN INFANTIL

EDUCACIÓN INFANTIL:

Eugenia Rodríguez Gestido: (Titora de E.I.) globalizado e educación musical.

María de la Luz Alonso Díaz: Inglés, proxecto competencial e apoio.

Alba Garrido Vidueira: psicomotricidade e apoio.

Emilia Pereira Fernández: Relixión católica.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

María de la Luz Alonso Díaz: (Titora de E.P.) Inglés, educación plástica e visual, lingua galega (1º e 2º), lingua castelá (1º e 2º), ciencias sociais (3º, 4º e 5º) e ciencias naturais (3º, 4º e 5º).

Alba Garrido Vidueira: educación física, proxecto competencial, matemáticas (1º e 2º), ciencias sociais (1º e 2º) e ciencias naturais (1º e 2º).

Eugenia Rodríguez Gestido: educación musical.

Irene Rodríguez Rodríguez: matemáticas (3º, 4º e 5º), lingua galega (3º, 4º e 5º) e lingua castelá (3º, 4º e 5º).

Emilia Pereira Fernández: Relixión Católica.

- M^a Francisca Rodríguez Serrano: orientadora do centro.

PROFESORADO EN CADA ETAPA

- Débese facilitar ao centro unha COPIA do DNI e TARXETA SANITARIA do alumnado e actualizalos cando exista un cambio (caducidade, por exemplo).
- Débese comunicar ao centro calquera CAMBIO NOS DATOS DE CONTACTO (número de teléfono, enderezo...).
- En casos de separacións, débese comunicar ao centro (mediante un papel oficial que o acredite) a quen lle corresponde a tutela do/a menor.
- Compromiso de atención médica: débese informar ao centro (a través de informes médicos) das posibles enfermidades e/ou alerxias que padezan os/as nenos/as, así como a actualización anual das mesmas.
- Recordamos que debedes estar sempre localizables polo centro por calquera emerxencia que poida pasar.
- Os avisos do centro enviaranse mediante AbalarMobil, polo que é importante descargar a aplicación.
- Nos aniversarios non se poderán traer agasallos ao centro para os demais compañeiros/as.
- É recomendable ter, como mínimo, unha titoría trimestral coas docentes dos vosos/as fillos/as para facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.
- Ante calquera comportamento do alumnado que, como responsables dos/as menores, encontredes preocupante, debedes poñelo en coñecemento do centro a través das titorías.
- Cando o alumnado deba abandonar o recinto escolar durante o horario lectivo, débese asinar a documentación correspondente.

AVISOS IMPORTANTES